



Guía Docente				
Datos Identificativos				2022/23
Asignatura (*)	Prácticum III	Código	750G02136	
Titulación	Grao en Podoloxía			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Cuarto	Obrigatoria	12
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos	Para cursar la asignatura es obligatorio haber superado: PRACTICUM I. No se matricule de esta materia mientras no supere la materia de 3er curso Prácticum I, puesto que su matrícula en esta materia será anulada.			
Departamento	Ciencias da Saúde			
Coordinación	Alvarez-Calderón Iglesias, Oscar	Correo electrónico	oscar.alvarez-calderon.iglesias@udc.es	
Profesorado	Alvarez-Calderón Iglesias, Oscar Bernabeu Pena, Carolina Carballo Díaz, Juan Luis Férrnandez Espiño, Cristina Garcia De Castro, Ricardo López Martínez, Noemía Zeltia Martínez Vázquez, María Mosquera Fernandez, Abian Veiga Seijo, Raquel	Correo electrónico	oscar.alvarez-calderon.iglesias@udc.es carolina.bernabeu@udc.es juan.carballo1@udc.es cristina.fernandez2@udc.es ricardo.garcia.decastro@udc.es zeltia.lopezm@udc.es maria.martinez.vazquez@udc.es abian.mosquera.fernandez@udc.es raquel.veiga.seijo@udc.es	
Web	campusvirtual.udc.gal/			
Descrición xeral	Durante a realización do Prácticum 3 o alumno/a asume o último bloque das súas prácticas pre-profesionais. Estas prácticas desenvólvense na Clínica Universitaria de Podoloxía (CUP) e en Servizos clínicos do Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol co fin de que o alumno/a incorpore á súa formación as competencias fundamentais e os valores profesionais para o exercicio da súa profesión. O bloque práctico supón unha participación activa do alumno/a en o proceso asistencial sempre baixo supervisión do profesorado. Durante as mesmas poderanse desenvolver outras actividades en forma de seminario ou sesións clínicas nas que se abordarán contidos e competencias relacionadas coa práctica clínica como o estudo e discusión de casos, interpretación de probas complementarias ou realización de informes. Antes do inicio das prácticas clínicas porase a disposición do alumno/a un anexo a esta guía na que se detallarán aspectos relacionados coa planificación, a metodoloxía e a avaliación da materia.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A131	CE67 - Aplicar nas Clínicas Podolóxicas Universitarias e centros acreditados os coñecementos adquiridos nos módulos previos durante a realización de prácticas preprofesionais que permitan ao alumno incorporar os valores profesionais e competencias dirixidas a: Protocolizar e aplicar o método clínico en podoloxía Realizar a historia clínica e rexistrar a información obtida Aplicar as técnicas de exploración física, interpretar os resultados e integralos no proceso de diagnóstico Realizar as técnicas radiolóxicas propias da podoloxía no ámbito clínico Interpretar os resultados das probas complementarias e a racionalización do seu uso. Emitir un diagnóstico e prognóstico Desenvolver a capacidade de establecer protocolos, executalos e avalialos. Desenvolver a habilidade e destreza no uso do instrumental, material e maquinaria empregados para a confección e aplicación de tratamentos podolóxicos no ámbito clínico. Diseñar o plan de tratamento integral ou tratamento podolóxico e avaliar os resultados obtidos no ámbito clínico. Diseñar plans de intervención específicos para o tratamento do pé de risco: diabético, neurolóxico e vascular Aplicar as medidas de resucitación e reanimación en podoloxía
A132	CE68 - Integrar os coñecementos, habilidades, destrezas, valores e actitudes adquiridos durante o itinerario curricular do alumno
A133	CE69 - Desenvolver as habilidades sociais para a comunicación e o trato co paciente e outros profesionais



A134	CE70 - Adquirir a capacidade de establecer intercambio de información cos distintos profesionais e autoridades sanitarias implicadas na atención sanitaria , prevención, promoción e protección da saúde, mediante a elaboración e interpretación de informes clínicos e plans de prevención e promoción de saúde podolóxica
A135	CE71 - Adquirir a capacidade de prescribir, administrar e aplicar tratamentos farmacolóxicos, ortopodolóxicos, físicos e cirúrxicos no ámbito clínico integrado no plan de atención podolóxica
A136	CE72 - Adquirir capacidade na xestión clínica dos servizos de podoloxía
A137	CE73 - Garantir a calidade asistencial na práctica da podoloxía mantendo actualizados os coñecementos, habilidades e actitudes na práctica profesional
B24	CB2 - Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
B25	CB3 -- Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B26	CB4 -Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado
B27	CB5 -Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía
B28	CG01 - Coñecer e aplicar os fundamentos teóricos e metodolóxicos da Podoloxía e Podiatría
B29	CG02 - Coñecer a estrutura e función do corpo humano en especial da extremidade inferior, semioloxía, mecanismos, causas e manifestacións xerais da enfermidade e métodos de diagnóstico dos procesos patolóxicos médicos e cirúrxicos, interrelacionando a patoloxía xeral coa patoloxía do pé.
B30	CG03 - Obter a capacidade, habilidade e destreza necesarias para diagnosticar, prescribir, indicar, realizar e/ou elaborar e avaliar calquera tipo de tratamento podolóxico, ortopodolóxico, quiropodolóxico, cirurxía podolóxica, físico, farmacolóxico, preventivo e/ ou educativo, baseado na Historia clínica
B31	CG04 -Adquirir unha experiencia clínica adecuada en cada un dos contidos podolóxicos, levados a cabo en Centros acreditados para a formación universitaria de Podoloxía, fomentando a interrelación e comunicación eficaz con pacientes, familiares, e membros do equipo multidisciplinar
B32	CG05 - Colaborar cos profesionais sanitarios especificamente formados na materia, na adaptación e uso de prótese e axudas técnicas necesarias, segundo as condicións físicas, psicolóxicas e sociais dos doentes
B33	CG06 - Adquirir a capacidade para realizar unha xestión clínica centrada no paciente, na economía da saúde e o uso eficiente dos recursos sanitarios, así como a xestión eficaz da documentación clínica, con especial atención á súa confidencialidade
B34	CG07 - Coñecer, deseñar e aplicar programas preventivos relacionados coa podoloxía e o fomento da atención podolóxica na poboación
B35	CG08 - Adquirir habilidades de traballo nas contornas educativo e investigador, asistencial-sanitario, así como en equipos uniprofesionais e multiprofesionais. Asesorar na elaboración e execución de políticas de atención e educación sobre temas relacionados coa prevención e asistencia podolóxica
B36	CG09 -Valorar de forma crítica a terminoloxía, ensaios clínicos e metodoloxía utilizados na investigación relacionada coa podoloxía
B37	CG10 - Identificar que o exercicio da profesión está asentado no respecto á autonomía do paciente, ás súas crenzas, cultura, determinantes xenéticos, demográficos e socioeconómicos, aplicando os principios de xustiza social e comprendendo as implicacións éticas nun contexto mundial en transformación
B38	CG11 -Incorporar os principios éticos e legais da profesión na práctica, actuando sempre en base ao cumprimento das obrigacións deontolóxicas, da lexislación vixente e dos criterios de normopraxis, integrando os aspectos sociais e comunitarios na toma de decisións
B39	CG12 -Capacidade para a cooperación, o traballo en equipo e a aprendizaxe colaborativo en contornas interdisciplinares
C9	CT01 - - Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma
C11	CT03 - Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida
C12	CT04 -Desenvolver o exercicio dunha cidadanía respectuosa coa cultura democrática, os dereitos humanos e a perspectiva de xénero
C13	CT05 -- Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras
C14	CT06 -Adquirir habilidades para a vida e hábitos, rutinas e estilos de vida saudables
C15	CT07 - Desenvolver a capacidade de traballar en equipos interdisciplinares ou transdisciplinares, para ofrecer propostas que contribúan a un desenvolvemento sustentable ambiental, económico, político e social



C16	CT08 - V- Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade
C17	CT09 -Ter a capacidade de xestionar tempos e recursos: desenvolver plans, priorizar actividades, identificar as críticas, establecer prazos e cumprilos

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
O alumno/a integra e aplica na práctica clínica podolóxica os coñecementos adquiridos durante todos os seus estudos nas clínicas podolóxicas universitarias e centros acreditados.	A131 A132 A133 A134 A135 A136 A137		
Protocoliza e aplica o método clínico en podoloxía		B31 B32	
Realiza a historia clínica podolóxica e rexistra a información obtida.		B34 B35 B36 B37	
Desenvolve as técnicas de exploración física.	A131		
Desenvolve a habilidade de realizar as actividades radiolóxicas propias da podoloxía.		B25	C11
Interpreta os resultados das probas complementarias e a racionalización do seu uso.		B32 B33	
Emite un diagnóstico e prognóstico.		B26	
Deseña o plan de intervención integral ou tratamento podolóxico.		B30	C14
Deseña plans de intervención específicos para o tratamento do pé de risco: diabético, neurolóxico e vascular.	A132		
Desenvolve a capacidade de establecer protocolos, executalos e avalialos.	A134		
Desenvolve a habilidade e destreza no uso do instrumental, material e maquinaria empregados para a confección e aplicación de tratamentos podolóxicos.	A131 A135		
Desenvolve as habilidades sociais para a comunicación e o trato co paciente e outros profesionais. Establece intercambio de información cos distintos profesionais e autoridades sanitarias implicadas na prevención, promoción e protección da saúde.			C12
Aplica as medidas de resucitación e reanimación en casos de emerxencia.			C11 C12
Prescribe, administra e aplica tratamentos farmacolóxicos, ortopodolóxicos, físicos e cirúrxicos.		B24 B25 B27	
Elabora e interpreta informes clínicos.		B28 B32	
Avalía os resultados obtidos do proceso de atención podolóxica.			C9 C11
Adquirir capacidade na xestión clínica dos servizos de podoloxía.			C11 C12
Manter actualizados os coñecementos, habilidades e actitudes.			C13
Garante a calidade asistencial na práctica da podoloxía.			C9 C15
O alumno/a é capaz de seleccionar información, analizala e avaliala para redactar, expor e defender un informe científico.			C16 C17



Coñecer e obter habilidades na aplicación das técnicas podolóxicas de cirurxía ungueal, de cirurxía podolóxica de partes brandas, de cirurxía ósea e articular do pé.		B29 B33 B38	
		B28 B30 B39	C14

Contidos	
Temas	Subtemas
Na materia Prácticum 3 o alumno/a aplica os coñecementos teóricos adquiridos nas diferentes materias do título á práctica clínica, garantindo un proceso integral de atención podolóxica ao paciente que inclúa todos os aspectos clínicos, documentais e legais. Por iso, todos os contidos teóricos e teórico-prácticos da titulación impartidos ata o 2º cuatrimestre do 4º curso de grao así como os impartidos simultaneamente son relevantes para a práctica clínica e de obrigado coñecemento, feito que debe ser tido en conta polo alumno/a efectos de que o seu coñecemento e actualización serán elementais para poder desenvolver as prácticas clínicas e garantir a adquisición das competencias formando parte da avaliación continua e final da práctica clínica.	<ul style="list-style-type: none"> -Método clínico en podoloxía. -Historia clínica podolóxica: rexistro da información obtida. -Técnicas de exploración física. -Actividades radiolóxicas propias da podoloxía. -Probas complementarias e a racionalización do seu uso. -Diagnóstico e prognóstico. -Plan de intervención integral ou tratamento podolóxico. -Plans de intervención específicos para o tratamento do pé de risco: diabético, neurolóxico e vascular. -Protocolos: execución e avaliación. -Uso do instrumental, material e maquinaria empregados para a confección e aplicación de tratamentos podolóxicos. -Medidas de resucitación e reanimación en casos de emerxencia. -Habilidades sociais para a comunicación e o trato co paciente e outros profesionais. -Intercambio de información cos distintos profesionais e autoridades sanitarias implicadas na prevención, promoción e protección da saúde. -Prescrición, administración e aplicación tratamentos farmacolóxicos, ortopodolóxicos, físicos e cirúrxicos. -Elaboración e interpretación de informes clínicos. -Avaliación dos resultados obtidos do proceso de atención podolóxica. -Capacidade na xestión clínica dos servizos de podoloxía. -Actualización dos coñecementos, habilidades e actitudes. -Calidade asistencial na práctica da podoloxía. -Utilización elementos de documentación, estatística, informática e os métodos xerais de análises epidemiolóxicas

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Prácticas clínicas	A22 A131 B28 B29 B30 B35 B36 B37 B38 B39 C7 C8 C9 C10 C11 C12 C13 C14 C15 C16 C17	240	0	240
Portafolios do alumno	A4 A12	0	50	50



Proba obxectiva	A122 A132 A133 A134 A135 A136 A137 B1 B24 B25 B26 B27 B31 B32 B33 B34	2	6	8
-----------------	---	---	---	---

Atención personalizada		2	0	2
------------------------	--	---	---	---

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición



Prácticas clínicas

As prácticas clínicas consisten na participación gradual e supervisada do alumnado no proceso de atención podolóxica integral cos pacientes que sexan atendidos nos diferentes servizos da Clínica Universitaria de Podoloxía e as prácticas externas nos servizos do Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol.

O alumnado participará de forma activa, sempre baixo supervisión, en todo o proceso de atención clínica: a xestión de datos clínicos; a exploración física e a xestión de probas complementarias e interpretación das mesmas; o diagnóstico, a prescrición, indicación, obtención e/ou aplicación dos diferentes tratamentos, así como o seguimento das afeccións tratadas e a súa evolución. Do mesmo xeito participará de forma activa nas sesións clínicas dos servizos.

A asistencia ás prácticas clínicas é obrigatoria.

A ausencia a prácticas só estará xustificada no caso de producirse algunha das seguintes causas (recollidas no artigo 12 das Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e máster universitario, aprobada polo Consello de Goberno da UDC), debidamente acreditada (con xustificante con data do mesmo día da ausencia que deberá de ser entregado antes de pasados 7 días da ausencia na administración da CUP), enfermidade ou lesión que incapacite para a realización da práctica, falecemento dun familiar ata o segundo grao, citación xudicial que coincida coa data da práctica, asistencia a unha sesión do Claustro ou do Consello de Goberno da UDC que coincida coa data da práctica, o/a estudante terá dereito a non recuperala ata un máximo de 1 práctica.

As ausencias xustificadas adicionais penalizaranse na avaliación continua no servizo correspondente. Un número maior a 2 faltas xustificadas ou a existencia de faltas inxustificadas suporá o suspenso da materia.

Só consideraranse xustificantes médicos de enfermidade ou lesión que incapacite para a realización da práctica clínica aqueles xustificantes debidamente cubertos por un especialista do Servizo Galego de Saúde (SERGAS) ou calquera outro pertencente ao Servizo Nacional de Saúde. Non se considerarán válidos aqueles xustificantes médicos expedidos en clínicas privadas e/ou particulares salvo excepcións debidamente xustificadas.

Calquera suposto que se presente no límite da presente norma poderá ser revisado polo conxunto de profesorado do Prácticum para o curso en vigor, debendo adoptar unha resolución por unanimidade e a condición de que o alumno/a demostrase a adquisición das competencias superando os requisitos de avaliación previstos para o Prácticum 3.

A fin de permitir a formación complementaria do alumnado dentro das mesmas tamén poderán recoñecerse como tales prácticas a asistencia a actividades de relevancia e interese para a titulación. Da participación en tales actividades deberase de entregar o certificado de asistencia antes de que pasen 7 días desde a súa celebración e comunicando a intención de asistir con polo menos 25 días de antelación ao profesor que lle corresponda impartir a docencia ese día e ao coordinador da materia. Entre estas actividades das que se poden recoñecer un máximo de 1 ausencia a prácticas son:

- Congreso Nacional de Podoloxía
- Xornadas Galegas de Podoloxía
- Congresos Internacionais de Podoloxía
- Congreso de Estudantes de Podoloxía
- Outras actividades que poidan ser valoradas polo coordinador da materia

Todo o alumnado debe de asistir ao grupo no que está inscrito e dado que debe de asistir todos os días a prácticas non existe a posibilidade de cambiar prácticas.

Existirán follas de control de asistencia nas que o alumno/a debe de asinar ao entrar en prácticas no mostrador de administración. A firma é a garantía da asistencia do alumno/a a práctica polo que a ausencia desta poderase entender como unha falta á práctica clínica. Calquera falta xustificada debe de documentarse adecuadamente coa causa e datas do día e entregarse ao persoal de administración da CUP antes de pasados 7 días desde a ausencia. A puntualidade na asistencia a prácticas é de obrigado cumprimento polo que se rexistrará calquera hora de chegada posterior. As faltas de puntualidade serán penalizadas podendo chegar a supor o suspenso da materia.

Todo procedemento e tratamento será supervisado polo docente responsable de cada práctica. E tras a mesma será este quen estableza o prazo de próximas visitas e/ou revisións.

Durante todas as prácticas o alumno/a deberá traer o seu pixama branco limpo e en perfecto estado de uso individual, calzado sanitario branco, así como bolígrafo e lentes de protección. Do mesmo xeito deberán de respectarse as normas da CUP (<http://www.enfermeriaypodologia.com/podologia/cup/normas-cup/>), a lexislación vixente e o Código Deontolóxico de Podoloxía moi especialmente no que ao segredo profesional refírese.

A todo aquel alumnado que non porte a súa uniformidade e material necesario para realizar a práctica clínica non se lle



permitirá realizar dita práctica coa consecuente penalización.



Portafolios do alumno	Toda a información relativa á elaboración e avaliación do portafolio facilitarase no anexo á guía docente que se entregará ao alumno/a durante o primeiro mes das prácticas clínicas.
Proba obxectiva	<p>Realizarase un exame final individual no que se avaliará calquera das competencias a adquirir detalladas neste programa. Este exame será de carácter teórico-práctico avaliando tamén os coñecementos teóricos aplicados a práctica e será elaborado en consenso polo conxunto dos profesores que de cada Servizo da CUP. O tipo e planificación do exame detallarase polo menos 15 días antes á data oficial de exame aprobada en Xunta de Facultade.</p> <p>O exame constará de dous partes unha correspondente ao Servizo de Quiropodoloxía e Cirurxía e outra correspondente ao Servizo de Patoloxía mecánica e tratamentos físicos e ortopodolóxicos para superar o exame e a materia será necesario obter unha cualificación de aprobado en cada unha das partes.</p> <p>A porcentaxe global de cada apartado de probar obxectiva será: Exame de Quiropodoloxía e Cirurxía (20%); Exame de Patomecánica-Ortopodoloxía (20%)</p>

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Portafolios do alumno Prácticas clínicas	<p>A atención personalizada que se describe en relación a estas metodoloxías concíbese como momentos de traballo co profesor de forma presencial ou virtual.</p> <p>A forma e o momento en que se desenvolverá a atención personalizada correspondente a cada actividade indicarase ao longo do curso segundo o plan de traballo da materia.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Portafolios do alumno	A4 A12	Avaliaranse todas as actividades individuais ou en grupo que se programaron na planificación e metodoloxía do portafolio. Toda a información relativa á avaliación do portafolio detallarase ao comezo do cuadrimestre.	20



Prácticas clínicas	A22 A131 B28 B29 B30 B35 B36 B37 B38 B39 C7 C8 C9 C10 C11 C12 C13 C14 C15 C16 C17	<p>A avaliación da práctica clínica consistirá nunha avaliación do grao de adquisición por parte do alumnado das competencias a desenvolver neste Prácticum . A cualificación final obterase da recollida dos coñecementos, habilidades e actitudes que o profesorado recollerá nas prácticas supervisadas do seu Servizo. Terase en conta o cumprimento por parte do alumnado da normativa da UDC, normativa de práctica clínica (CUP) e da materia.</p> <p>A porcentaxe global de cada Servizo é:</p> <ul style="list-style-type: none">-Quiropodología-Cirurxía (20%)-Patomecánica-Ortopodología (20%) <p>É necesario superar cada apartado (5/10) da avaliación para superar as prácticas clínicas e a materia.</p> <p>Para a avaliación continua das prácticas clínicas avaliaranse os seguintes ítems:</p> <ul style="list-style-type: none">-Co paciente valorarase especialmente a capacidade de expresión e comunicación en todo o proceso de atención clínica, desde a anamnesis ata a prescrición terapéutica-Coñecemento profesional na toma de decisións de exploración, diagnóstico, racionalización das probas complementarias, diagnóstico e manexo terapéutico-Habilidade na utilización de instrumental, material e maquinaria para a aplicación, administración e fabricación dos distintos tratamentos.-Capacidade de iniciativa, traballo, responsabilidade, organización e planificación-Asistencia, puntualidade, interese e colaboración no traballo.-Limpeza e vestimenta persoal de prácticas clínicas <p>Non se permitirá a realización da práctica clínica a todo aquel alumnado que se presente con atraso ao comezo de dita práctica.</p>	40
Proba obxectiva	A122 A132 A133 A134 A135 A136 A137 B1 B24 B25 B26 B27 B31 B32 B33 B34	<p>Realizarase un exame final individual no que se avaliará calquera das competencias a adquirir detalladas neste programa. Este exame será de carácter teórico-práctico sen esquecer a base da aplicación da teoría á práctica e será elaborado en consenso polo conxunto dos profesores que de cada Servizo da CUP. O tipo e a planificación do exame detallarase polo menos 15 días antes á data de exame.</p> <p>O exame constará de 2 partes unha correspondente ao Servizo de Quiropodoloxía e Cirurxía e outra correspondente ao Servizo de Patoloxía mecánica e tratamentos físicos e Ortopodolóxicos para superar o exame e a materia será necesario obter unha cualificación de aprobado en cada unha das partes.</p> <p>Non se permitirá o acceso e realización da proba obxectiva a aquel alumnado que chegue con atraso ao seu inicio e non sexa puntual.</p> <p>A porcentaxe global de cada apartado de probar obxectiva será: Exame de Quiropodoloxía e Cirurxía (20%); Exame de Patomecánica-Ortopodoloxía (20%)</p>	40

Observacións avaliación



Condições a ter en conta para superar o Prácticum 3:1) É obrigatorio asistir ao 100% das prácticas clínicas. O alumnado que falte aínda de forma xustificada a un número de prácticas maior a 2 faltas e aínda que só sexa 1 non xustificada suporá un suspenso no Prácticum 3 tanto para a primeira como para a segunda oportunidade debendo de matricularse no seguinte curso académico. 2) Para superar a materia será necesario aprobar cada un dos apartados da avaliación continua e exame así como obter unha cualificación global mínima de 5 sobre 10. O alumnado que non superen a puntuación mínima ou non se presenten ao exame individual na convocatoria de maio terán opción a facelo na convocatoria de xullo. Na avaliación de 2ª oportunidade (mes de xullo) só hai opción ao exame e o portafolio da materia polo que si avaliación continua está suspensa o alumno/a estará suspenso no Prácticum 3 debendo de matricularse no seguinte curso académico.3) Calquera falta grave de disciplina ou comportamento cos pacientes, compañeiros, profesorado ou persoal da CUP, así como faltas ás normas da UDC, normativa da materia, funcionamento da CUP, do segredo profesional e da lexislación sanitaria vixente, será sometida a avaliación polo profesorado da materia, previo informe da situación desencadeada, e pode supor o suspenso automático no Prácticum 3. Durante as prácticas clínicas non se permite:-Falar e permanecer nos corredores ou en recepción.-Utilizar o teléfono móbil durante as prácticas.-Escoitar música durante as prácticas.-Realizar fotos ou gravacións con dispositivos que non pertencen á CUP.-Rexistrar e comprobar os datos da historia clínica na recepción ou non identificar convenientemente ao paciente (por nome e apelidos) ou as tarefas realizadas por cada alumno/a e profesor responsable.-Non recoller ou organizar os gabinetes e salas tras o seu uso.-Dar o alta ou cita a un paciente sen supervisión por parte do docente responsable da atención.-Ausentarse das prácticas sen unha xustificación e comunicación ao profesor responsable da práctica.-Comer ou beber nas instalacións da CUP (só se permite na aula CUP ou cafetería previa autorización).-Non portar o cartón identificativo, indumentaria individual de prácticas clínicas limpa e en perfecto estado (pixama e calzado sanitario branco), bolígrafo 4 cores , rotulador permanente, rotulador borrable, luvas de kevlar (ou equivalente), tesoiras multiusos ou lentes, máscara ou máscara de protección.-Non manter un aseo adecuado incluíndo non manter o pelo recolleito ou curto, as uñas cortadas e sen pintar así como portar colares, aneis, pendentes longos ou pulseiras.-Calquera outro incumprimento das normas da UDC, da materia e/ou da CUP (<http://www.udc.es/fep/cup>).Situacións especiais de avaliación1) A cualificación de matrícula de honra, dado o seu carácter graciable, concederáse automaticamente ao alumnado que obteña un 10 na cualificación media da materia. De darse o caso de que haxa máis alumnos/as con esa cualificación que matrículas se poidan outorgar pola cota oficial establecido, convocarase a todos os alumnos/as para a realización dunha proba específica de desempate, proba que consistirá en novo exame de características similares ás da proba obxectiva, exame que se fixará en data e hora de acordo cos interesados/as 3 días antes da data de actas. En caso de non existir ningún alumno/a con cualificación de 10, todo o alumnado que obteña unha cualificación media superior a 9.0, requisito básico para optar á matrícula de honra, poderán optar á matrícula de honra por acordo do conxunto de docentes da materia naqueles casos que, cumprindo o requisito mínimo, puidesen ser merecedores de matrícula pola aptitude e a actitude mostradas durante o desenvolvemento da materia.2) Segunda oportunidade: Na 2ª oportunidade só poderán optar a superar a materia aqueles alumnos/as que superando a avaliación continua non superasen o exame práctico, ou cando o sumatorio total das cualificacións non supere a nota mínima para superar o Prácticum 3 debido á cualificación do Portafolio do alumno/a. Para ambos os supostos no calendario académico quedará fixada unha data para as novas probas de exame práctico e/ou nova entrega de actividades de portafolio.3) Convocatorias de segunda e posteriores matrículas: Para aqueles alumnos/as que cursen a materia e realicen as prácticas obrigatorias de forma completa, poden volver cursar toda a materia novamente ou presentarse só a aquelas partes que non obtivesen unha cualificación mínima de 5 sobre 10. En caso de non realizar a totalidade das prácticas clínicas terá que cursar a totalidade da materia novamente.4) Conservaranse de forma automática as cualificacións superadas de calquera das metodoloxías dentro das 2 oportunidades da mesma convocatoria.5) Para alumnado con matrícula parcial: poderán desenvolver a materia realizando os diferentes conceptos da materia en dous cursos, sempre realizando as prácticas, portafolio e exame do mesmo servizo no mesmo curso. Para iso contarase o primeiro curso en que se curse a materia coa cualificación de N.P. e no segundo coa cualificación calculada de todos os conceptos no momento de realización dos mesmos. Deberán de solicitar e aprobarse esta modalidade de avaliación ao comezo do curso, en caso contrario avaliarase como na modalidade ordinaria.6) Convocatorias da oportunidade adiantada de avaliación: Para aqueles alumnos/as que solicitasen a oportunidade adiantada de avaliación, cumpran cos requisitos, concédaselle e cursen e superen as prácticas clínicas (cuxa cualificación suporá o 40% da materia), poderán presentarse á proba obxectiva de carácter práctico clínico cuxa cualificación suporá o 60% da cualificación da materia.7) Non presentado: aqueles alumnos/as que asistan a menos do 70% das prácticas clínicas da materia, a súa cualificación será automaticamente de Non Presentado (para calquera das oportunidades do curso).8) Alumnado de mobilidade (Erasmus , SICUE, Bilateral): A cualificación dos alumnos de mobilidade (tanto Erasmus, como SICUE, como Bilateral) realizarase só pola avaliación continua en caso de suspenso poderán recuperar no exame da materia. Estes distribuiranse entre todos os grupos de prácticas.9) Mentorización ERASMUS e Bilateral: Ao comezo da materia proporase a todos os alumnos/as que polo menos obtivesen unha cualificación de notable no Prácticum 2 priorizando a aqueles/as alumnos/as obtivesen unha maior cualificación no Prácticum 2 e os que en cursos anteriores realizasen unha estancia de mobilidade noutro país. Dita proposta deberá de realizarse por cada alumno/a que estea interesado en participar como mentor dentro da actividade Moodle onde voluntariamente cada solicitante achegará unha copia do seu expediente e xustificantes de realizar algunha estancia de mobilidade en cursos anteriores a fin de que sexa valorado polo conxunto de docentes da materia. A participación como mentor/a sumará ata 0,5 á súa cualificación final da materia.



Fontes de información

Bibliografía básica	<p>Tendo en conta que todos os contidos teórico-prácticos da titulación son relevantes para o exercicio profesional e, polo mesmo motivo, para as prácticas clínicas, as fontes de información básica e recomendadas por todas e cada unha das materias conforman as fontes de información, consulta e estudo durante a realización das prácticas clínicas comprendidas deste Prácticum. No entanto existen determinadas fontes documentais de gran utilidade para a súa consulta clínica diaria e que concretará o profesorado que supervise as prácticas clínicas dos diferentes servizos da CUP. A modo de exemplo citamos:-Buckup K. Pruebas clínicas para patología ósea, articular y muscular. 3ª ed. Barcelona: Elsevier; 2007.-Espinás Boquet J, Vilaseca Canals J. coordinadores. Guía Terapéutica en Atención Primaria (Basada en la selección razonada de medicamentos). 4ª ed. Barcelona: Sociedad Española de Medicina de Familia y Comunitaria; 2010.-Dockery GL. Cutaneous disorders of the lower extremity. 1ª ed. Philadelphia: Saunders; 1997.-Muñoz Calvo B et al, comité editorial. Cliniguía, actualización de diagnóstico y terapéutica. 7ªed. España: EvieScience; 2012.-Straus SE, Scoot Richardson W, Glasziou P, Haynes RB. Medicina Basada en la evidencia. 3ªed. Madrid: Elsevier; 2006.-Tixa S. Atlas de anatomía palpatoria: tomo 2 miembro inferior. 2ª ed. Barcelona: Masson; 2006. -Villa LF. Coordinación. Medimecum, guía de terapia farmacológica. 15ª ed. España: Luis F Villa Alcazar; 2010.</p>
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Bases para a Interpretación do Coñecemento Científico Aplicadas/750G02132

Cirurgía Podolóxica 2/750G02129

Anatomía xeral/750G02103

Anatomía específica do membro inferior/750G02104

Dermatoloxía/750G02124

Biomecánica do Membro Inferior/750G02111

Cirurgía Podolóxica 1/750G02128

Bases Biolóxicas e Físicas do Movemento Humano/750G02106

Conceptos Xerais de Cirurxía/750G02127

Bases para a Interpretación do Coñecemento Científico/750G02108

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Cirurgía Podolóxica Avanzada/750G02130

Prácticum II/750G02135

Materias que continúan o temario

Observacións



El Prácticum consiste en la aplicación de los conocimientos teóricos adquiridos en las diferentes materias del título a la práctica clínica, garantizando un proceso integral de atención podológica al paciente que incluya todos los aspectos clínicos, documentales y legales. Por ello, todos los contenidos teóricos y teórico-prácticos de la titulación impartidos hasta el 2º cuatrimestre del 4º curso de grado así como los impartidos simultáneamente en el 2º cuatrimestre del 4º curso de grado, son relevantes para la práctica clínica y de obligado conocimiento, hecho que debe ser tenido en cuenta por el alumno que cursa la materia de Prácticum 3, a efectos de que su conocimiento y actualización serán elementales para poder desarrollar las prácticas clínicas y garantizar la adquisición de las competencias, formando parte de la evaluación continua y final de la práctica clínica. Para ayudar a conseguir un entorno inmediato sostenible y cumplir con el objetivo de la acción número 5: "Docencia investigación saludable y sostenible ambiental y social" del "Plan de Acción Green Campus Ferrol":

- La entrega de los trabajos documentales que se realicen en esta materia se realizará a través de Moodle, en formato digital sin necesidad de imprimirlos, en el caso de realizarse en papel: no se emplearán plásticos, se realizarán impresiones a doble cara, se empleará papel reciclado y se evitará la impresión de borradores. Se debe hacer un uso sostenible de los recursos y la prevención de impactos negativos sobre el medio natural habida cuenta la importancia de los principios éticos relacionados con los valores de la sostenibilidad en los comportamientos personales y profesionales. Se facilitará la plena integración del alumnado que por razón de discapacidad física, sensorial, psíquica o sociocultural, experimente dificultades a un acceso idóneo, igualitario y provechoso a la vida universitaria. Se trabajará para identificar y modificar prejuicios y actitudes sexistas, y se influirá en el entorno para modificarlos y fomentar valores de respeto e igualdad, en el caso de detectar situaciones de discriminación por razón de género se tomarán medidas para corregirlas.

A fin de facilitar la conciliación familiar del profesorado del Practicum 3 aquellos/as docentes que así lo estimen, podrán acordar con los alumnos/as que correspondan en cada rotación el cambio de hora de inicio y fin de la práctica notificándolo al personal de la CUP. En la realización de los trabajos de la materia, el plagio y la utilización de material no original, incluido aquel obtenido a través de la internet, sin indicación expresa de su origen y, si es el caso, el permiso de su autor/a, será calificado con suspenso (0,0) en la actividad. Todo eso sin perjuicio de las responsabilidades disciplinarias a las que pudiera haber lugar tras el correspondiente procedimiento.

Normal 0 21 false false false ES X-NONE X-NONE

Style Definitions */

Tabla

mso-tstyle-rowband-size:0; mso-tstyle-colband-size:0; mso-style-noshow:yes; mso-style-priority:99; mso-style-parent:; mso-padding-alt:0cm 5.4pt 0cm 5.4pt; mso-para-margin:0cm; mso-para-margin-bottom:.0001pt; mso-pagination:widow-orphan; font-size:10.0pt; font-family:Times New Roman, serif;

Normal 0 21 false false false ES X-NONE X-NONE

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías